| UNIVERSIDADE DA CORUÑA | GREEN CAMPUS Ferrol - UDC | Green-Campus |
|---|---|---|

# ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

| **DATA:** 17 de xaneiro de 2019<br>**LUGAR:** Vicerreitoría Campus Ferrol | **HORA DE INICIO:** 10:40<br>**HORA DE FINALIZACIÓN:** 12:00 |
|---|---|

**ASISTENTES:**
Araceli Torres Miño
Mª Jesús Caínzos López
Carmen Coronado Carvajal
Vicente Díaz Casas
Isabel Fernández Ibáñez
Antonio Domingo García Allut
Alfonso Gomis Rodríguez
Sonia Zaragoza Fernández

Belén Feal Cabezón (Becaria Green Campus)

**Excusan su asistencia:**
Ana Isabel Ares Pernas
Sonia Bouza Fernández
Pilar Comesaña Pérez
Manuela del Pilar Santos Pita

**ORDEN DO DÍA:**

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: 17-01-2018, 11-06-2018, e 18-07-2018.

2.- Sesión de traballo sobre o desenvolvemento do Plan de Acción do Campus Green Ferrol. Obxectivos alcanzados e metas a corto prazo

3.- Quenda aberta de intervencions.


| Código Seguro De Verificación | Z/xadjIDsimX0Nr20LJJZA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 31/05/2019 14:03:46 |
| | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 31/05/2019 13:56:51 |
| Observacións | | Páxina | 1/3 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/Z/xadjIDsimX0Nr20LJJZA== | | |

**ACORDOS ADOPTADOS:**

1. Apróbanse as actas das sesións anteriores: 17-01-2018, 11-06-2018, e 18-07-2018.

2. Trabállase no estado de consecución dos obxectivos propostos nos sete puntos do Plan de Acción do Campus Green Ferrol e acórdase continuar desenvolvendo devanditos puntos mediante as seguintes accións:

**Punto 1:** Creación do Comité Ambiental, Ecoauditoría, …

2.1. A coordinadora de GCF e deste punto (Carmen Coronado) solicita copia da acta asinada da constitución dos Subcomités ambientais da Escola Politécnica Superior e da Facultade de Humanidades para a súa incorporación ao dossier.

2.2. A coordinadora comprométese a elaborar para aprobar na seguinte reunión a Declaración ambiental e o Código de Conduta.

**Punto 2:** Economía circular

2.3. A coordinadora deste punto (Mª Jesús Caínzos) comprométese a elaborar unha lista de recomendacións sinxelas para os responsables dos centros e a solicitar evidencias como as % compras consome responsable/total de compras.

**Punto 3.** Sustentabilidade ambiental-Unidade de eficiencia enerxética

2.4. Aforro de auga. Araceli Torres e Mª Jesús Caínzos están a xestionar a compra dun sistema de auga filtrada para a cafetaría. Desta forma poderíase eliminar a auga embotellada dos menús. Ofrécense a xestionar un servizo de auga filtrada desde a cafetaría para os actos.

Belén Feal comprométese a finalizar a auditoría da auga no edificio de Talleres da EPS e na Escola Universitaria Politécnica do Campus de Serantes.

2.5. Aforro de luz. A coordinadora Sonia Zaragoza achegará o Proxecto que se está xestionando en Xunta de Galicia para aforro de luz en todo o Campus de Ferrol.

Belén Feal comprométese a retocar o cartel/adhesivo de uso responsable de iluminación que compartiu UDC Saudable e distribuirase aos centros para difundilo onde sexa conveniente.

**Punto 4.** Sustentabilidade ambiental-Unidade de contorna

2.6. Traballarase na cartelaría dos colectores de separación de lixo que se instalaron para facilitar a separación eficiente.

2.7. Incluirase informe da participación de UDC-Ferrol na enquisa de mobilidade sustentable do Concello de Ferrol.

2.8. O cooordinador deste punto Alfonso Gomis se compremete a obter evidencias sobre o seguimento da campaña de Vixilancia de Saúde.

2.9. Acórdase instalar en cada centro un Taboleiro de anuncios de GCF-UDC onde se inclúan noticias e recomendacións relacionadas con Green Campus Ferrol. Pode ser físico e/ou virtual na páxina web do centro.

**Punto 5.** Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social

2.10. Todos os membros do Comité Ambiental comprométense a enviar ás coordinadoras deste punto (Ana Ares e Carmen Coronado) a porcentaxe de Guías GADU que recollen algunha das recomendacións elaboradas por GCF.

**Punto 6.** Comunicación e vinculación comunitaria.

2.11. Solicítase a participación da comunidade universitaria de todos os centros na Semana Ambiental que se vai a celebrar entre o 18 e 28 de febreiro, conferencias, obradoiros e unha exposición. Rógase tomar fotografías desta participación e remitilas a GCF para elaborar o informe posteriormente.

**Punto 7.** Estilo de vida saudable

2.12. Araceli Torres e Mª Jesús Caínzos comprométense a xestionar a colocación de cartelaría para incentivar o uso de escaleiras na botonería do ascensor e as propias escaleiras, como a que xa existe no edificio de Apoio ao Estudo.

3. Finalmente se debate sobre ideas para a colaboración coa empresa Sogarisa para levalas á reunion do día 21 de xaneiro: Concurso aberto á cidadanía sobre proxectos ambientais, Creación e mantemento no campus dun centro de interpretación ambiental, Soporte á renovación da iluminación nos distintos centros.

| Coordinadora Green Campus Ferrol | Vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social |
|---|---|
| **Fdo:** Carmen Coronado Carvajal | **Vº Bº:** Araceli Torres Miño |


| Código Seguro De Verificación | Z/xadjIDsimX0Nr20LJJZA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 31/05/2019 14:03:46 |
| | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 31/05/2019 13:56:51 |
| Observacións | | Páxina | 3/3 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/Z/xadjIDsimX0Nr20LJJZA== | | |

| UNIVERSIDADE DA CORUÑA | GREEN CAMPUS Ferrol - UDC | Green-Campus |
|---|---|---|

**ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL**

| **DATA:** 30 de maio de 2019<br>**LUGAR:** Vicerreitoría Campus Ferrol | **HORA DE INICIO:** 13:10<br>**HORA DE FINALIZACIÓN:** 14:30 |
|---|---|

**ASISTENTES:**

Araceli Torres Miño
Mª Jesús Caínzos López
Carmen Coronado Carvajal
Ana Isabel Ares Pernas
Isabel Fernández Ibáñez
Alfonso Gomis Rodríguez
Manuela del Pilar Santos Pita
María Bañón Goiriz

Belén Feal Cabezón (Becaria Green Campus)

**Excusan su asistencia:**

Vicente Díaz Casas
Sonia Bouza Fernández
Antonio Domingo García Allut
Pilar Comesaña Pérez
Sonia Zaragoza Fernández

**ORDEN DO DÍA:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 17-01-2019.

2.- Aprobación, se procede, da Declaración Ambiental e Código de conduta de Green Campus Ferrol

3.- Sesión de traballo sobre o a avaliación do I Plan do Campus Green Ferrol. Elaboración da memoria.

3.- Quenda aberta de intervencions.


| Código Seguro De Verificación | aIXdMaTHHfMFq0IMzZbomQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 31/05/2019 14:03:46 |
| | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 31/05/2019 13:56:51 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/aIXdMaTHHfMFq0IMzZbomQ== | | |

**ACORDOS ADOPTADOS:**

1. Apróbase a acta da sesión anterior: 17-01-2019.

2. Acórdase incorporar ao Comité Ambiental de GCF á alumna da EUDI, Dna. María Bañón Goiriz.

3. Apróbase o borrador de Declaración Ambiental e Código de conduta do Programa Green Campus Ferrol elaborado pola coordinadora e baseado noutras Declaracións de Programas Green Campus UDC e coa colaboración de Sergio Santos, director de UDC Saudable. Anexo I

4. Acórdase presentar a avaliación o I Plan de Green Campus Ferrol antes do verán. Para iso débese elaborar unha memoria en formato Documento PPT e Anexos para enviar un borrador a avaliación previa de OMA-UDC e ADEAC (Irene Montero) antes do 15 de xuño.

5. Acórdase volver reunirnos en sesión de traballo o día 10 de xuño ás 9:30 da mañá.

6. María Bañon lenos o documento relativo á Declaración de emerxencia climática que se vai a presentar en Consello de Goberno o día 4 de xuño. Araceli Torres infórmaa que a CRUE está a traballar nunha adhesión de maneira conxunta nas Universidades españolas á devandita iniciativa.

| Coordinadora Green Campus Ferrol | Vicerrectora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social |
|---|---|
| **Fdo:** Carmen Coronado Carvajal | **Vº Bº:** Araceli Torres Miño |


| Código Seguro De Verificación | aIXdMaTHHfMFq0IMzZbomQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 31/05/2019 14:03:46 |
| | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 31/05/2019 13:56:51 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/aIXdMaTHHfMFq0IMzZbomQ== | | |

## ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

| | |
|---|---|
| **DATA:** 10 de xuño de 2019<br>**LUGAR:** Vicerreitoría Campus Ferrol | **HORA DE INICIO:** 9:35<br>**HORA DE FINALIZACIÓN:** 12:30 |

**ASISTENTES:**

Araceli Torres Miño
María Bañón Goiriz
Sonia Bouza Fernández
Mª Jesús Caínzos López
Carmen Coronado Carvajal
Ana Isabel Ares Pernas
Isabel Fernández Ibáñez
Antonio Domingo García Allut
Alfonso Gomis Rodríguez

**Excusan su asistencia:**

Vicente Díaz Casas
Pilar Comesaña Pérez
Sonia Zaragoza Fernández
Manuela del Pilar Santos Pita

**ORDEN DO DÍA:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 30-05-2019.

2.- Sesión de traballo sobre a Memoria de avaliación do I Plan do Campus Green Ferrol.

3.- Quenda aberta de intervencions.


| Código Seguro De Verificación | /vJT1VWLmDF1YfOxnvTebw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 12/07/2019 14:18:28 |
| | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 12/07/2019 13:51:25 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation//vJT1VWLmDF1YfOxnvTebw== | | |

**ACORDOS ADOPTADOS:**

1. Apróbase a acta da sesión anterior: 30-05-2019.

2. Apróbase o borrador da memoria en formato Documento PPT e Anexos para enviar un borrador a avaliación previa de OMA-UDC e ADEAC (Irene Montero) antes do 15 de xuño.

3. Preséntase a nova web do Green Campus Ferrol onde pode atoparse toda a documentación que é aberta ao público en xeral:

   https://www.udc.es/gl/campusindustrial/green-campus-ferrol/

| | |
|---|---|
| Coordinadora Green Campus Ferrol<br><br>**Fdo:** Carmen Coronado Carvajal | Vicerrectora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social<br><br>**Vº Bº:** Araceli Torres Miño |


| Código Seguro De Verificación | /vJT1VWLmDF1YfOxnvTebw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | María Araceli Torres Miño - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social | Asinado | 12/07/2019 14:18:28 |
| | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 12/07/2019 13:51:25 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation//vJT1VWLmDF1YfOxnvTebw== | | |

| UNIVERSIDADE DA CORUÑA | GREEN CAMPUS Ferrol - UDC | Green-Campus |
|---|---|---|

## ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

| **DATA:** 17 de xullo de 2019<br>**LUGAR:** Vicerreitoría Campus Ferrol | **HORA DE INICIO:** 13:30<br>**HORA DE FINALIZACIÓN:** 14:05 |
|---|---|

**ASISTENTES:**

Araceli Torres Miño
Sonia Bouza Fernández
Vicente Díaz Casas
Sonia Zaragoza Fernández
Mª Jesús Caínzos López
Carmen Coronado Carvajal
Ana Isabel Ares Pernas
Isabel Fernández Ibáñez
Antonio Domingo García Allut
Alfonso Gomis Rodríguez

Manuel Soto Castiñeira. Director OMA-UDC
Sergio Santos del Riego. Director UDC Saudable
Belén Feal Cabezón. Bolseira Green Campus Ferrol
Francisco García. Delegado de ADEAC

**Excusan su asistencia:**

María Bañón Goiriz
Pilar Comesaña Pérez
Manuela del Pilar Santos Pita


| Código Seguro De Verificación | wrnW5kzteGtPn5OiP7FPdA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | María Araceli Torres Miño | Asinado | 02/08/2019 08:26:10 |
| | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 02/08/2019 01:00:09 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/wrnW5kzteGtPn5OiP7FPdA== | | |

**ORDEN DO DÍA:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 10-06-2019.

2.- Sesión de exposición e defensa da Memoria de avaliación do I Plan do Green Campus Ferrol ante o representante de ADEAC.

3.- Quenda aberta de intervencions.

**ACORDOS ADOPTADOS:**

1. Apróbase a acta da sesión anterior: 10-06-2019.

2. Preséntase a memoria do I Plan do Programa Green Campus Ferrol publicada na web do Green Campus Ferrol onde pode atoparse toda a documentación de maneira aberta ao público en xeral:

   https://www.udc.es/gl/campusindustrial/green-campus-ferrol/

3. Discútense os puntos de mellora das actuacións que se executaron para cada un dos obxectivos do Plan de Acción de Green Campus Ferrol. As principais consideracións a ter en conta son:

   - Accións de mellora sobre os paneis informativos de Green Campus Ferrol. Pódese considerar manter o panel físico en cada centro, pero considerar que sexa moi visual e usando os códigos QR que manteñan información actualizada das accións do Programa. Acórdase manter a difusión de todas as iniciativas nas redes sociais e ensaiar noutros centros a experiencia de grupos de WhatsApp cos delegados de curso como realiza o director da EUDI.
   - Accións de mellora na recollida selectiva de residuos. Acórdase buscar a uniformidade en todos os centros na colocación e sinalización dos puntos limpos. Agrupar todos os sistemas de recollida, colocalos no lugar que se considere máis práctico para cada centro e sinalizar ben a súa localización.
   - Accións de aforro enerxético. Recíbense felicitacións polo proxecto que se está empezando a desenvolver para o aforro enerxético e suxírese que devandito aforro se transmita á comunidade universitaria dalgunha maneira por exemplo revertendo un 5-10% do aforro a través de asociacións de estudantes.

| Coordinadora Green Campus Ferrol | Vicerrectora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social |
|---|---|
| **Fdo:** Carmen Coronado Carvajal | **Vº Bº:** Araceli Torres Miño |


| Código Seguro De Verificación | wrnW5kzteGtPn5OiP7FPdA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | María Araceli Torres Miño | Asinado | 02/08/2019 08:26:10 |
| | Carmen Coronado Carvajal | Asinado | 02/08/2019 01:00:09 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/wrnW5kzteGtPn5OiP7FPdA== | | |